

## NOTA EDITORIAL: Descripción deste número

Editores

Cad Aten Primaria  
Ano 2009  
Volume 16  
Páx. 90-90

No **editorial** deste número a Xunta Directiva fai unha análise da situación da atención primaria e de expectativas ante a chegada do novo goberno.

A sección **Qué hai de novo en Saúde Pública?**, nunha liña similar a traballos previos, presenta unha análise do consumo de tabaco nos profesionais sanitarios no ano 2006, continúa coa serie sobre a pandemia de gripe e finalmente nos describe as utilidades da páxina web (<http://dxsp.sergas.es>) en relación coa nova gripe humana de orixe porcino. *Esta páxina é actualmente o centro de referencia informativo sobre esta gripe para calquera profesional sanitario.*

Neste número publicanse, no lugar dos orixinais e algunha outra actualización, os resumos das **ponencias e comunicacións das XIV Xornadas de Medicina de Familia e Comunitaria**.

**Para saber de...** presenta unha interesante revisión de cardiopatía isquémica desde unha perspectiva de xénero, observando as diferentes características que afectan ás mulleres.

En **Habilidades e Terapéutica** encontramos unha presentación detallada describindo a técnica e procedemento cirúrxico na onicogribose.

Unha interesante **Alerta Bibliográfica con Impacto Clínico** na que revisa e comenta o estudo publicado en The New England Journal of Medicine: Telmisartan, Ramipril, or Both in Patients at High Risk for Vascular Events. The ONTARGET Investigators\*. April 10, 2008 vol. 358.

Continuamos coa sección **Casos Clínicos**, apreciada polos lectores, cun importante componente formativo. Tamén se publica en **Cartas ao Director** unha revisión actualizada do molusco contagioso.

En **Colaboración** presentamos unha documento elaborado por enfermería cunha proposta de traballo en equipo para utilizar o MAPA.

Continuamos tamén neste número coa sección de **Humanidades** na que se comenta unha conferencia do codirector de Atapuerca, Eudald Carbonell.

Como sempre, queremos animar ao lector a enviar críticas sobre o material publicado en Cartas ao Director e agradecemos moito todas as suxestións que nos fagan sobre a edición da revista. AGAMFEC desexa ofrecer unha publicación da máxima calidade e utilidade para os profesionais da atención primaria galega e a opinión do lector é sempre a primeira referencia.